




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Redondela. Parroquias: Santa María do Viso no norte e San Pedro de Cesantes no sur. Extensión: 0,53 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Vertente costeira con tramos acantilados baixos e áreas sedimentarias formadas por pequenas praias como a de Soutoxuste. A prolongación continental da unidade aproveita a vertente occidental do Outeiro das Penas, de pendente moderada e modelada por correntes fluviais de escasa significación destacando a valgada que desauga na Ponte Fontán.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A litoloxía da unidade correspóndese con materiais metamórficos asociados ao Complexo de Cabo Home - A Lanzada: xistos, lousas e paragneises, entre os que se poden dar filóns de cuarzo. Pero a zona norte presenta materiais granitoides de afinidade alcalina, concretamente de granitos con feldespato alcalino. Os depósitos cuaternarios limitanse a áreas de praia da franxa costeira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente de réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperatura media anual por enriba de 15° C, entre 1200 mm e 1400 mm de precipitación anual acumulada e amplitude térmica media que oscila entre os 12,5 ° C e os 13,5°C ao ano.

OS SOLOS

Dominio dos solos tipo cambisol, que manifestan procesos de gleificación, con inclusións de antrosoles debido á transformación da paisaxe polas actividades humanas. Tan só a parte alta da unidade presenta solos máis pobres de tipo umbrisol dístrico-léptico asociados ás ladeiras de maior pendente entre o Alto da Lomba e o Outeiro das Penas.


AS AUGAS

Trátase dunha unidade costeira cuxa rede hidrográfica queda limitada ao arroio que transcorre polo suave val entre o Alto da Cabaleira e a Fonte de Fontán, en pleno fondo da Enseada de San Simón (Augas de Transición 20472).

O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa, intermareal e mariño incluídos no LIC Enseada de San Simón. Unidade mixta co interior forestal e agrario e a fronte tamén moi modificada polo que poucos elementos de interese ambiental se poden anotar. Só os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos do intermareal e submareal superficiais, na fronte e algunhas agrupacións mixtas de frondosas e outras especies non autóctonas. A posición tanto na liña de costa como na ladeira entre a zona de cultivos de Soutoxuste e a forestal do Outeiro das Penas, recorda a localización de formacións que proceden da degradación de antigas carballeiras (9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica) e soutos (9260, Bosques de Castanea sativa).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A franxa sur da unidade está cuberta de plantacións forestais, principalmente monocultivos de eucalipto e piñeiro, destinadas á industria madeireira e entre as que aparecen, esporadicamente, pequenos claros ocupados por matogueiras. No espazo central e setentrional dominan os espazos cultivados asociados ás entidades de poboación locais (Soutoxuste). Dentro do espazo agrícola destaca o uso vitivinícola favorecido polas boas condicións climáticas que se dan neste punto da costa. A fronte costeira aparece salpicada de edificacións unifamiliares, flanqueadas por rodais de eucalipto e piñeiro dedicados, na súa maioría, a un uso residencial desligado dos labores agrícolas. Preto de Soutoxuste existe un pequeno areal que compatibiliza o uso turístico estival coa actividade marisqueira dadas as súas excepcionais condicións ambientais para este tipo de prácticas.

MORFOLOXÍA

Soutoxuste é o único asentamento tradicional da unidade; non obstante, a súa evolución e crecemento modificou moito esta estrutura nuclear típica da aldea galega. Na actualidade, as vivendas foron pronunciando a separación entre elas configurando unha morfoloxía caracterizada pola dispersión. Todas as construcións se localizan no espazo central e setentrional seguindo o trazado das vías de comunicación local que atravesaban o núcleo orixinario. O parcelario presenta un marcado carácter minifundista e un intenso aproveitamento do solo. Debido a isto, os muros de peche que o delimitan acusan o fragmentado desta paisaxe agraria.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada N-550 (Tui-A Coruña) é o principal elemento vertebrador deste espazo costeiro, tanto para o tránsito de persoas como para o de mercadorías, xunto coa liña de ferrocarril que une Vigo e A Coruña. a estrada EP-2909 é o nexo entre os distintos asentamentos rurais do interior. A rede de camiños está pouco desenvolvida, concentrándose a maior densidade de estradas na zona central onde existe maior intensidade de uso produtivo e residencial.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O Camiño Portugués atravesa a unidade na súa zona oriental, proveniente da costa lusa, internándose en Galicia por Tui, para continuar con dirección norte cara ao concello de Pontevedra. Ademais deste elemento de grande interese cultural, cabe destacar a presenza da capela de San Vicente situada nas proximidades do lugar de Soutuxe e o achado de restos arqueolóxicos de relevancia nas parroquias de San Pedro de Cesantes e Santa María do Viso.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A organización do espazo habitado artículase arredor do núcleo de Soutoxuste dado que este era o asentamento orixinal. A medida que foron aparecendo novas vías de comunicación no ámbito local novos asentamentos instaláronse apoiándose nestas vías. Configúrase unha paisaxe caracterizada pola convivencia dun uso residencial e turístico cun aproveitamento tradicional do espazo.

DINÁMICA DA PAISAXE

Na segunda metade do século XX este espazo estaba dedicado na súa totalidade a actividades agrícolas pero a menor dependencia do rural e o crecemento urbano experimentado polos núcleos tradicionais rematou por inverter esta tendencia. Na actualidade o espazo agrícola circunscríbese aos tramos de menor pendente da unidade mentres que naqueles lugares de difícil labranza aparecen novos aproveitamentos como o forestal. As novas vivendas afástanse do núcleo orixinal, iniciándose un proceso caracterizado pola dispersión e que modifica os usos e os elementos de cobertura que se dan na unidade.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha paisaxe de singular beleza situada no fondo da Ría de Vigo, cuxas características paisaxísticas e ambientais (esteiro dos ríos Verdugo e Oitavén) lle valeron a súa inclusión dentro do catálogo Rede Natura 2000. Dominan os aproveitamentos tradicionais do solo como o agrícola, cos viñedos, ou o marisqueo, exemplo dun modelo económico sostible baseado nas potencialidades e recursos do medio. En toda a escena dominan os procesos naturais determinados principalmente polas características da Ría de Vigo aos que se une a intensa ocupación do espazo debido á influencia da cidade olívica, principal asentamento da Ría. Para a súa observación propónse a Punta de Soutoxuste, dende onde se contempla o fondo da ría, a Ponte de Rande ou o esteiro do Verdugo. Recordar que dende o mirador de Cotorredondo no Concello de Villaboa obsérvase esta unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



